FEAGA

FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

# INFORME AUTÓNOMOS EN GALICIA (XANEIRO-SETEMBRO 2012)

# Datos RETA 2012
# GALICIA

Comezámolo ano 2.012 en Xaneiro perdendo 1.671 afiliados no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social co cal contábamos a finais de Decembro do 2.011, cun número de 217.396 traballadores en Galicia.

A finais de Xaneiro, o número de afiliados contabilizados é de 215.725 afiliados.

En Febreiro o número de autónomos diminúe en 64 afiliados, situándose así nos 215.661.

En Marzo prodúcese un considerable aumento dun 0,13% situándose en 215.938 afiliados autónomos.

Nos vindeiros 4 meses seguirase con esa tendencia alcista no número de afiliacións, así en Abril os traballadores cotizando no RETA increméntanse en 13 ocupados máis respecto ó mes precedente pasando a contabilizar 215.951 afiliacións. En Maio a porcentaxe de traballadores aumenta nun 0,05% e, no mes de Xuño a subida é moito maior, sendo neste mes no que prodúcese un maior número de afiliacións de todo o ano ó sumar 397 afiliados máis que no mes anterior.

Xullo segue esta tendencia alcista no número de afiliacións, incrementándose nun 0,13%, ata chegas ós 216.747 ocupados.

Nos meses de Agosto e Setembro a situación decrecente volve a producirse, así en Agosto os traballadores cotizantes no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social diminúen en 295 ocupados menos. E xa, no mes de Setembro redúcese considerablemente o número de afiliacións falando así da baixada máis grande, despois do mes de Xaneiro, en 410 ocupados menos respecto ó mes anterior pasando a contabilizar 216.042 afiliacións.

A evolución no número de afiliacións en Galicia no que va de ano queda reflexada na seguinte gráfica:




Por **provincias,** durante o mes de Xaneiro todas perden afiliados. A provincia que sofre a maior pérdida é a de A Coruña con 702 afiliados menos (-0,82%) quedando así con 85.968 afiliados; seguida da de Pontevedra que perde 605 afiliados (-0,91%) pasando dos 67.002 do mes de decembro ós 66.397. A provincia de Lugo perde 219 afiliados (-0,59%) quedando con 37.288 ; Ourense é a provincia que perde menor número de afiliacións pero, dado que é a provincia con menor número de afiliados 26.072, trátase dunha perda moi importante ó reducirse en 145 (-0,56%).

No mes de Febreiro só a provincia de A Coruña con 49 altas máis, é a única das catro que aumenta o número de afiliacións.

En Marzo, Maio e Xullo tódalas provincias gañan afiliados. A Coruña e Ourense, no mes de Abril, diminúen o numero de ocupados mentres que pola contra, Lugo e Pontevedra alcanzan valores positivos de afiliados.

## Datos RETA 2012
## GALICIA

No mes de Xuño, Lugo é a única provincia que perde ocupados (-21) pola contra Pontevedra alcanza a cifra máis alta (+248) en aumento no número de afiliados de todo o ano e tamén das catro provincias.

Nos meses de Agosto e Setembro comeza o descenso acelerado no número de Autónomos afiliados, diminuíndo en tódalas provincias da comunidade. Sendo a de A Coruña a que sofre a maior perda (-149) no mes de Agosto e, Pontevedra (-253) no mes de Setembro.

Dende Decembro de 2011 a Setembro de 2012 pérdense 1.354 autónomos en tódala comunidade galega. A Coruña perde 600 (44,31%), Lugo 253 (18,68%), Ourense 191 (14,1%) e Pontevedra 310 (22,89%)




**Pérdida de Autónomos Xaneiro/Setembro 2012**




| | A Coruña | Lugo | Ourense | Ponteved ra |
|---|---|---|---|---|
| Series1 | -600 | -253 | -191 | -310 |

# Datos RETA 2012
# GALICIA

En canto ó **número de afiliados,** a provincia de A Coruña é a que conta cun maior número de Traballadores Autónomos, 86.070 a finais de Setembro; Pontevedra é a segunda en canto a número de autónomos, 66.692. Séguelle a de Lugo con 37.254 e, por último a de Ourense que conta con 26.026 autónomos.

A porcentaxe de afiliacións ó RETA por provincias é a seguinte,

**Porcentaxe de Afiliacións ó RETA por Provincias**




Fonte: elaboración propia

En canto os **Sectores de Actividade** desarrollados polos traballadores autónomos, cabe salientar que os dez sectores con maior número de afiliados no RETA en Galicia, son os seguintes:




Fonte: elaboración propia

- **Grupo G** Comercio al por mayor y al por menor; reparación de
- vehículos de motor y motocicletas…………………………………………… 52.621
- **Grupo A** Agricultura, ganadería, silvicultura y pesca ………………… 36.847
- **Grupo F** Construcción …………………………………………………………….. 28.508
- **Grupo I** Hostelería …………………………………………………………………… 24.928

- **Grupo C** Industria Manufacturerea ………………………………………….. 14.637
- **Grupo S** Otros Servicios ………………………………………………………. 12.107
- **Grupo M** Actividades profesionales, científicas y técnicas ………. 11.700
- **Grupo H** Transporte y almacenamiento ………………………………. 11.340
- **Grupo N** Actividades Administrativas y servicios auxiliares …….. 5.236
- **Grupo Q** Actividades sanitarias y de servicios sociales ……………… 4.851

Por provincias os datos son os seguintes:

| | CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA |
|---|---|---|---|---|
| **A** | 13.247 | 14.181 | 3.671 | 5.748 |
| **C** | 5.241 | 2.071 | 2.379 | 4.703 |
| **F** | 11.225 | 3.971 | 4.312 | 8.980 |
| **G** | 20.412 | 6.588 | 6.299 | 19.313 |
| **H** | 4.300 | 1.900 | 1.228 | 3.912 |
| **I** | 10.637 | 3.146 | 3.025 | 8.120 |
| **M** | 5.341 | 1.402 | 1.094 | 3.863 |
| **N** | 2.467 | 554 | 466 | 1.749 |
| **Q** | 2.227 | 539 | 482 | 1.603 |
| **S** | 5.075 | 1.420 | 1.579 | 4.033 |

Na Provincia de A Coruña o sector con maior número de autónomos é o do Comercio (grupo G) seguido do da Agricultura (grupo A); na de Lugo ocorre a inversa , o sector con máis afiliados é o da Agricultura seguido do Comercio.Nas provincias de Ourense e Pontevedra os sector con maior número de traballadores é o do Comercio seguido polo sector da Construcción.

# Datos RETA 2012
# GALICIA

En relación con a **Afiliación ó Réxime Especial de Autónomos nas cidades galegas de máis de 40.000 habitantes**, o seguinte cadro móstranos o promedio no número de autónomos dende Xaneiro ata Setembro de 2012 e tamén, o número de afiliacións nas ditas citades a fecha 30 de Setembro de 2012:

| **Direcciones Provinciales - Poblaciones** | **Rég Especial Autónomos XANEIRO / SETEMBRO** | **Rég Especial Autónomos 30 DE SETEMBRO** |
|---|---:|---:|
| **A CORUÑA** | 15.116 | 15.034 |
| Ferrol | 3.237 | 3.224 |
| Santiago de Compostela | 6.953 | 6.968 |
| **LUGO** | 7.459 | 7.501 |
| **OURENSE** | 8.081 | 8.094 |
| **PONTEVEDRA** | 5.190 | 5.212 |
| Vigo | 17.635 | 17.555 |

Diferencia entre Decembro de 2.011 e Setembro de 2.012:

| **Direcciones Provinciales - Poblaciones** | **31 DECEMBRO 2011** | **30 SETEMBRO 2012** |
|---|---:|---:|
| **A CORUÑA** | 15.280 | 15.034 |
| Ferrol | 3.264 | 3.224 |
| Santiago de Compostela | 7.009 | 6.968 |
| **LUGO** | 7.435 | 7.501 |
| **OURENSE** | 8.123 | 8.094 |
| **PONTEVEDRA** | 5.226 | 5.212 |
| Vigo | 17.888 | 17.555 |

Se nos fixamos nos datos que tiñamos a día 31 de Decembro de 2.011, excepto a cidade de Lugo que aumenta o número en 66, tódalas cidades galegas perden afiliados ó RETA. A perda máis importante ocorre na cidade de Vigo onde contabilizamos un 1,8% menos de afiliados (-333), seguido da Coruña onde pérdense 246 autónomos, o que supón un 1,6% menos de ocupados que no mes de decembro pasado.

**Pérdida Autónomos Decembro'11 / Setembro'12**



# Datos RETA 2012
# GALICIA

No tocante ás **Afiliacións por Provincia e Xénero**, o seguinte cadro reflexa o número de homes e de mulleres que están afiliados ó RETA en tódala comunidade e, tamén nas catro provincias:

| Dirección Provincial | RÉGIMEN E. DE AUTÓNOMOS | | |
|---|---|---|---|
| | VARONES | MUJERES | TOTAL |
| A Coruña | 48.950 | 37.120 | 86.070 |
| Lugo | 21.003 | 16.251 | 37.254 |
| Ourense | 15.832 | 10.194 | 26.026 |
| Pontevedra | 39.196 | 27.496 | 66.692 |
| **GALICIA** | **124.981** | **91.061** | **216.042** |

## Afiliacións por Xénero en Galicia




O 42% dos afiliados ó Réxime Especial de Traballadores Autónomos en Galicia, son mulleres fronte ó 58% de homes, cun total de 124.981 homes y 91.061 mulleres

# Datos por Xénero e Provincia




En canto a **Traballadores Autónomos Estranxeiros** en Galicia, dos 216.042 empregados por conta propia a finais de setembro, 5.080 son traballadores estranxeiros, o que supón un 2,35% do total do colectivo autónomo.

| | REGIMEN E. AUTÓNOMOS | |
|---|---|---|
| | **Hombres** | **Mujeres** |
| A Coruña | 989 | 750 |
| Lugo | 372 | 247 |
| Ourense | 435 | 271 |
| Pontevedra | 1.220 | 796 |
| **GALICIA** | **3.016** | **2.064** |




En canto ó xénero contamos con 3.016 homes e con 2.064 mulleres, autónomos estranxeiros.




Por provincias, Pontevedra é a que conta cun maior número de autónomos estranxeiros, 2.016, o 40% do total da nosa comunidade; séguena a de A Coruña co 34% (1.739), a de Ourense que conta con 706, o 14% e por último, a provincia que conta cun menor número de ocupados autónomos estranxeiros é Lugo co 12% (619).

Segundo o **pais de procedencia** dos estranxeiros afiliados ó RETA en Galicia , distinguimos dous grupos, os pertencentes a Unión Europea e os que non pertencen á mesma.



# Datos RETA 2012
# GALICIA

| Direccións Provinciais | REXIME E. AUTÓNOMOS | | |
|---|---|---|---|
| | **UE** | **No UE** | **TOTAL** |
| A Coruña | 635 | 1.104 | 1.739 |
| Lugo | 271 | 348 | 619 |
| Ourense | 380 | 326 | 706 |
| Pontevedra | 976 | 1.040 | 2.016 |
| **GALICIA** | **2.262** | **2.818** | **5.080** |

A maioría dos autónomos extranxeiros censados en Galicia pertencen a países non Comunitarios, o 55% mentres que o 45% restante son naturais de países da Unión Europea.

# OUTUBRO 2012

No conxunto do Estado, o número de Autónomos no mes de Outubro é de 3.032.724, en Setembro había 3.043.562 autónomos, o que supón un descenso de 10.838 afiliacións a nivel nacional. Os autónomos en Galicia supón un 7,09% do total do estado español

Os autónomos en Galicia no mes de Outubro tamén descenden, prodúcese unha reducción de 895 autónomos con respecto ó mes precedente;falando así de 215.147 ocupados no mes de Outubro.

| Dirección Provincial | RÉGIMEN E. DE AUTÓNOMOS | | |
|---|---|---|---|
| | SETEMBRO | OUTUBRO | Perda |
| A Coruña | 86.070 | 85.853 | 217 |
| Lugo | 37.254 | 37.121 | 133 |
| Ourense | 26.026 | 25.993 | 33 |
| Pontevedra | 66.692 | 66.180 | 512 |
| **GALICIA** | **216.042** | **215.147** | **895** |

En tódalas provincias galega pérdense afiliacións, sendo Pontevedra a provincia que máis sofre a pérda se falamos en número de baixas, descendendo en 512, seguida da provincia de A Coruña que experimenta unha reducción de 217 autónomos. Ourense sitúase por debaixo delas pero, tamén sofre a perda de 133 afiliados. Lugo é a provincia galega que perde un menor número de ocupados, 33, porcentualmente falamos do 0,1% sendo ésta a provincia que conta cun menor número de traballadores autónomos afiliados ó RETA.

| DATOS AUTÓNOMOS OUTUBRO | | |
|---|---|---|
| ESPAÑA | 3.032.280 | |
| GALICIA | 215.147 | 7,09 % do total do estado |
| | | |
| **GALICIA** | | |
| A Coruña | 85.853 | 39,90% do total da CA Galega |
| Lugo | 37.121 | 17,25% do total da CA Galega |
| Ourense | 25.993 | 12,08% do total da CA Galega |
| Pontevedra | 66.180 | 30,76% do total da CA Galega |
| | | |
| **Pérdida Autónomos Outubro** | | |
| España | -10.838 | |
| Galicia | -895 | |